

LA SOMBRA DE LA LEY

[Dani de la Torre, 2018]

444

ESTREA EN NUMAX: 11.10.2018 | V.O.S.E. | +16

La sombra de la ley (2018, 120')

Dirección: Dani de la Torre

Guión: Patxi Amezcua

Elenco: Luis Tosar, Michelle Jenner, Vicente Romero, Ernesto Alterio, Paco Tous, Manolo Solo, Jaime Lorente, Pep Tosar, Fernando Cayo, William Miller

Son: David Machado

Montaxe: Jorge Coira

Música: Manuel Riveiro, Xavier Font

Dirección de arte: Elia Robles, Manuel Romero, Sandra Wahlbeck

Vestuario: Clara Bilbao

Fotografía: Josu Inchaustegui

Produtoras: Vaca Films, Atresmedia Cine, Movistar+, Televisión de Galicia, Televisión de Galicia

Distribuidora: Fox

Formato de proxección: DCP2K

Idioma orixinal: Español

PREMIOS E FESTIVAIS

Sitges 2018 (Competición Órbita)

FILMOGRAFÍA

Álex y Julia, 2018 [curtametraxe]

El desconocido, 2015

Mar libre, 2010 [Miniserie TV]

Minas, 2003 [curtametraxe]

SINOPSE

Ano 1921. España vive un momento axitado e caótico: son os anos do chumbo, froito dos violentos enfrontamentos na rúa entre matóns e anarquistas. O gansterismo e os negocios ilegais están instalados na sociedade. Nesta situación de disturbios, Aníbal Uriarte é un policía enviado a Barcelona para colaborar na detención dos culpábeis do roubo a un tren militar.

«Notábel crónica criminal pero por riba de todo moral e política»

Fausto Fernández, FOTOGRAMAS



“En Galicia temos lugares único que permanecen como nos anos 20”

Entrevista con Dani de la Torre

Por Ruth Ríos

De que trata *La sombra de la ley*? É unha película de gánsters ambientada na Barcelona dos anos 20, unha época convulsa na que había moitas folgas e manifestacións porque viñamos da Primeira Guerra Mundial, da que se beneficiaron moitas empresas da cidade. Había unha etapa dourada a nivel económico que caeu coa finalización da guerra. Os pistoleiros da patronal e os dos anarquistas tomaban a xustiza cada un pola súa conta. Había até 30 mortos ao día. Foi o inicio da sociedade moderna, o xerme de moitos problemas sociais que aínda temos na actualidade. Contamos a historia dun policía que investiga o ataque a un tren e a partir de aí mergúllase no ambiente da Barcelona dos anos 20.

Pero rodaches en varias cidades galegas, entre elas Santiago... Rodamos en Santiago, Pontevedra, Lugo, Monforte, Ferrol... Foi unha *road movie* por Galicia porque temos lugares únicos que aínda non foron tocados e permanecen como nos anos 20.

De novo, repites cun dos nosos mellores actores, Luis Tosar. Como é traballar con el? É marabilloso en todos os sentidos, atento, xeneroso. Levo dúas

películas con el e faría todas as películas que me quedan por facer. Ten unha mirada especial e un gran compromiso social, con Galicia e cos galegos. Ademais, se non fora por el, quizais non fixese nunca *El desconocido*.

***El desconocido* foi a túa estrea no mundo das longas. Desembarcaches a nivel nacional con 8 nomeamentos aos Goya, entre eles Mellor Director Novel. Como lembras ese momento?** Os premios son preciosos porque confirman que dalgunha maneira tes algo que dicir, o teu lugar. É marabilloso recibir o agarimo dos premios e do público que foi á sala. Foi moi emocionante para min e estou moi agradecido. Unha experiencia moi bonita.

Como ves o panorama audiovisual en Galicia? Véxoo cunha gran riqueza. É moi bonito que haxa propostas de todo tipo con diferentes estilos. Hai moitas directoras e directores cunha mirada diferente.

Din que estamos nun momento doce para o cinema galego, cunha nova xeración de directores novos que están a triunfar con películas de autor en festivais internacionais. Como ves este fenómeno? Paréceme marabilloso que haxa directores como Oliver Laxe, directores con proxección internacional, películas que non quedan nun caixón senón que viaxan, que emocionan a públicos de países diferentes. É estupendo que haxa diferentes tipos de estilos: o meu é máis *mainstream*, é un estilo que non hai en Galicia xa que

encher unha sala é moi complicado. Agora mesmo hai unha gran riqueza en Galicia, sinal de que estamos a facer as cousas moi ben.

Cal é a maior dificultade que ves á hora de abordar unha produción en Galicia? Depende do que queiras facer. Por exemplo, se queres facer unha película de acción en Galicia é complicado porque requiren de moito orzamento. De todos os xeitos, os problemas do cinema galego son os mesmos que os de calquera outro cinema: orzamentos escasos, poucas axudas... Afortunadamente, hoxe en día se queres contar unha historia, pódolo facer grazas a que os novos medios de produción son alcanzábeis. Podes contar unha historia cun iPhone. Primeiro tes que saber o que queres contar e despois buscar os medios. Tes que buscar o teu lugar.

Cres que a coprodución é a solución? Claro, o non pecharte, o poder buscar apoio doutras comunidades autónomas ou países. A cuestión é ser consecuente cos medios que tes. Se fas cinema indie e de autor, tes distribuidoras pequenas e os teus propios circuitos comerciais. O bo é que convivan todo tipo de estilos e que haxa sensibilidades para protexer esas obras e tamén as máis comerciais.

Que consello lle darías aos directores galegos que están a comezar a súa carreira? Que se animen máis mulleres, precisamos máis miradas femininas. E a todos, tanto homes como mulleres, que loiten, que non se deixen engurrar.

Publicada en <http://revistapincha.gal>

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

Abónate
agora e ven
sempre por

4€

Novas tarifas
válidas a partir
do 6 de xullo

Faite
NUMAX!